



ANUNCIO

APERTURA DE PRAZO PARA PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DE UTILIZACIÓN DO DEPARTAMENTO Nº 6, PARA ARMADORES E EXPORTADORES NO PORTO DE MUXÍA.

Mediante o presente anuncio procedese á apertura dun prazo **de 20 días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia**, para a presentación polos interesados de solicitudes de ocupación de ditos departamentos, conforme ás seguintes bases:

1.- As solicitudes deberán presentarse na Sede Electrónica da Xunta de Galicia empregando o modelo con código IF500B, regulado na RESOLUCIÓN do 17 de novembro de 2020 pola que se aproba o procedemento de autorización de ocupación de dominio público portuario en portos dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia e o procedemento de prórroga de autorización de ocupación de dominio público portuario (códigos de procedemento IF500B e IF500C). Dentro do prazo establecido.

2.- Deberá aportarse xunto a solicitude IF500B a documentación do anexo I do procedemento:

a.-) Documentación acreditativa das actividades do peticionario no porto de **MUXÍA**, de acordo cos criterios seguintes:

1.-En caso de armadores de buques de pesca/marisqueo, deberán presentar unha copia actualizada da follla de asiento da embarcación da capitania marítima correspondente. A certificación debe ter unha antigüidade máxima dun ano. Este documento componse polas follas: "Rexistro Marítimo Español" e "Folla ou follas de Asiento" seguintes. Certificado de navegabilidade, máis permiso ou licenza de navegación da embarcación. Todo isto, debidamente compulsada pola Capitanía Marítima, e acreditación da actividade de acordo co establecido na cláusula 4ª da presente convocatoria.

2.-En caso de mariscadores a pe, recolectores de recursos específicos, ou outras actividades extractivas, deberán acreditar a actividade de acordó co establecido na cláusula 4ª.

3.-En caso de exportadores de pescado, deberán acreditar a actividade de acordo co establecido na cláusula 4ª.

4.-En caso de armadores de 7ª lista, deberán presentar unha copia actualizada da follla de asiento da embarcación da capitania marítima correspondente. A certificación debe ter unha antigüidade máxima dun ano. Este documento componse polas follas: "Rexistro Marítimo Español" e "Folla ou follas de Asiento" seguintes. Certificado de navegabilidade, máis permiso ou licenza de navegación da embarcación. Todo isto, debidamente compulsada pola Capitanía Marítima, así coma orixinal ou copia autenticada do certificado que acredite o abono do seguro de responsabilidade civil da embarcación con vixencia no período onde se formaliza a solicitude.

5.-As embarcacións inscritas segundo o Réxime especial das embarcacións de recreo con marcado CE de eslora igual o inferior a 12 mts. e que non teñan Certificado de Inscripción dunha copia compulsada da Declaración de Conformidade da embarcación CE.

6.-Nos demais casos, a documentación deberá acreditar co máximo detalle posible as actividades desenvolvidas polo peticionario no porto de **MUXÍA**.

b.-) No caso de que a petición se faga a nome dunha Sociedade, deberá presentarse fotocopia compulsada da Escritura de Constitución da Sociedade.

3.-O Ente Público Portos de Galicia, á vista da documentación presentada, valorará as distintas solicitudes e procederá, no seu caso, ó outorgamento das autorizacións correspondentes. *Darase preferencia ás solicitudes polo seguinte orden:*

1º) **Armadores**, sempre que a actividade acreditada xustifique a necesidade do departamento, e non dispoña de outro departamento autorizado neste porto.

2º) **Exportadores**

3º) **Mariscadores a pe, recolectores de recursos específicos, ou outras actividades extractivas**, sempre que a actividade acreditada xustifique a necesidade do departamento, e non dispoña de outro departamento autorizado neste porto.

4º) **Armadores de 7ª lista**, con preferencia os que teñan autorizada unha praza de amarre no porto ou teñan base nese porto; e non dispoña de outro departamento autorizado neste porto. En caso de exceder o número de solicitudes o dos departamentos dispoñibles, a preferencia darase por orde de entrada en rexistro de





acordo co establecido na Lei 30/92, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

5º) Outros usuarios. Sempre e cando os usos solicitados sexan conforme cos permitidos na **Delimitación dos Espazos e Usos Portuarios (DEUP)**, aprobado para o Porto, de ser o caso.

4.- A actividade á que se refire os puntos da presente convocatoria acreditarase do seguinte xeito:

- Buques pesqueiros/marisqueo: certificación das vendas en lonxa dos tres últimos anos asociado ó solicitante e ó buque. Para o cálculo do volumen anual farase unha media destes tres anos. No caso de solicitantes que iniciasen a actividade farase a media sobre os anos declarados. No suposto de que nos tres últimos anos se propuxesen cambios de embarcación por parte do titular, poderase acreditar a actividade tanto da nova como da vella durante ese período.
 - Exportadores: certificación das compras en lonxa dos tres últimos anos do solicitante. Para o cálculo do volume anual farase unha media destes tres anos. No caso de solicitantes que iniciasen a actividade farase a media sobre os anos declarados.
 - Marisqueo a pé: certificación das vendas en lonxa dos tres últimos anos relativo ó mariscador. Para o cálculo do volume anual farase unha media destes tres anos. No caso de solicitantes que iniciasen a actividade farase a media sobre os anos declarados.
 - So se terán en conta aqueles certificados anuais que superen un volumen de compras/ventas superior ó mínimo interprofesional. No suposto de embarcacións este mínimo interprofesional será multiplicado polo número de tripulantes da embarcación. O feito de non cumprir este requisito implicará a perda de prioridade no proceso de adxudicación sobre outros posibles solicitantes.
 - No caso de que as vendas se acrediten nunha lonxa doutro porto, multiplicarase por 0,75 o importe acreditado se a lonxa está nun porto autonómico, e multiplicarase por 0,5 se as vendas acreditadas nunha Autoridade Portuaria.
 - Terán prioridade as solicitudes dos propietarios de embarcación con base no porto onde se localiza o departamento, en segundo lugar os que teñan base nun porto que dependa da mesma confraría que o porto onde se localiza o departamento e en terceiro lugar os restantes. Para elo, o importe anual de vendas ponderarase multiplicándoas por 1,5 para embarcacións con base no mesmo porto, por 1,25 para os que teñan base nun porto dependente da mesma confraría e por 1 os restantes.
 - No suposto de exportadores, ponderarase o volume de compras en lonxa de igual xeito, multiplicando por 1,5 para o volume acreditado na lonxa do mesmo porto, 1,25 para as compras en lonxas dependentes da mesma confraría e 1 para as restantes
- 4 As solicitudes tramitaranse una por cada titular, e no caso de armadores se poderá admitir una por cada embarcación da cal é propietario, sempre que se acredite a titularidade e a actividade de xeito desagregado
- 5 En caso de que algún solicitante xa dispoña dun departamento autorizado no porto de **MUXÍA** pasará ó final da lista de solicitantes da súa categoría a efectos de prioridade na adxudicación.
- 6 No serán admitidas as solicitudes das persoas ou entidades que teñan débedas pendentes co Ente Público Portos de Galicia.
- 7 De conformidade co disposto na normativa sobre facendas locais, Portos de Galicia repercutirá a parte da cuota líquida do imposto de bens inmobles en razón á parte do valor catastral que corresponde á superficie utilizada e á construción directamente vinculada a cada cesionario do dereito de uso
- 8 As condicións que rexerán a ocupación dos departamentos poderán ser examinadas nas oficinas de Portos de Galicia no porto de **MUXÍA**, e na páxina web: **www.portosdeg Galicia.com** .





PORTOS
DE
GALICIA

PREGO DE CONDICIÓN S DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO PORTUARIO PARA USO DE DEPARTAMENTOS COMO ALMACÉN DE UTILIES DE PESCA.

USO: ALMACEN ÚTILES DE PESCA

PROCEDEMENTO: IF500B

TIPO TRÁMITE: OUTORGAMENTO

FUNDAMENTO LEGAL

O presente prego apróbase ao amparo da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia e da Lei 6/2003, de 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia e o Regulamento de servizo e policía dos portos aprobado por O.M. de 12 de xuño de 1976 e nas demais disposicións aplicables a títulos de ocupación do dominio público portuario.

O contido das presentes condicións xerais e das particulares que se establezan é en todo caso complementario e non substitutivo de calquera normativa legal vixente en cada momento que afecte ao dominio público portuario e ás actividades que nel se desenvolven.

No non disposto no presente prego de condicións xerais e nas condicións particulares que, de ser o caso, se establezan polos servizos técnicos competentes de Portos de Galicia, estarase ao disposto na Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia, na Lei 6/2003, de 9 de decembro, de taxas prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, e no seu defecto, nos preceptos que resulten aplicables da Lei 2/2013, de 29 de maio, de protección e uso sostible do litoral e de modificación da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de costas así como do seu regulamento aprobado polo Real Decreto 876/2014, de 10 de outubro, do Real Decreto Legislativo 2/2011, de 5 de setembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de portos do Estado e da Mariña Mercante e nas demais disposicións aplicables ás autorización sobre dominio público portuario.

CONDICIÓN S XERAIS

1ª.- O presente título non supón cesión do dominio público portuario nin das facultades dominicais da Comunidade Autónoma de Galicia, **OUTÓRGASE cos datos indicados a continuación** con suxeición ao presente Prego de Condicións Xerais, así como polas condicións particulares que no seu caso se determinen:





DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO TÍTULO DE OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO PORTUARIO	
TIPO DE TÍTULO	AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DO DPP
OBXECTO	USO DE DEPARTAMENTOS PROPIEDAD DE PORTOS DE GALICIA PARA ALMACEN ÚTILES DE PESCA
TITULAR	XXXXXXXXXX
PORTO	MUXÍA - ZONA CENTRO - MUNICIPIO: MUXÍA
EDIFICIO	BLOQUE DEPARTAMENTOS
Nº DEPARTAMENTO	6

Autorízase o uso do/s seguinte/s departamento/s:

IDENTIFICACIÓN LOCAL	
IDENTIFICACIÓN EDIFICIO	BLOQUE DEPARTAMENTOS
CÓDIGO EDIFICIO	12.31.EDF.003
Nº LOCAL	6

SUPERFICIES		
SUPERFICIE EN PLANTA	22	m ²
SUPERFICIE VOADA	0	m ²
Nº ANDARES	0	
SUPERFICIE CONSTRUÍDA	22	
	Pechada	Aberta
SUPERFICIE CONSTRUÍDA BAIXO	22	0,00
SUPERFICIE CONSTRUÍDA 1º ANDAR	0,00	0,00
SUPERFICIE CONSTRUÍDA 2º ANDAR	0,00	0,00
TOTAL SUPERFICIE CONSTRUÍDA	22	0,00

2ª.- A **VIXENCIA** deste título, salvo os dereitos preexistentes e sen prexuízo de terceiro, é:

PRAZO E VIXENCIA DO TÍTULO DE OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO PORTUARIO	
Desde:	O DÍA SEGUINTE NO QUE SE REALICE A NOTIFICACIÓN ¹ DA PRESENTE RESOLUCIÓN.
Prazo:	POR UN PRAZO MÁXIMO DE CATRO (4) ANOS
Prazo máximo prórroga:	SEN POSIBILIDADE DE PRÓRROGA

¹ Art. 42 e 43 da [Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas](#)





O cómputo do prazo iniciárase segundo o indicado anteriormente, agás naqueles supostos legalmente previstos nos que a posta a disposición dos terreos, espazos de auga ou obras outorgadas no título de ocupación do dominio público portuario sexa posterior á data de outorgamento, caso este no que o termo inicial do título de ocupación do dominio público portuario coincidirá coa posta a disposición. Este suposto indicárase nas cláusulas particulares.

Agás que o prazo indicado anteriormente prohiba expresamente a posibilidade de prórroga ou se limite o prazo máximo de duración, o **prazo** ao que se refire o **parágrafo anterior** poderá ser prorrogado ata un prazo **máximo total**, incluído o inicial, de **CATRO (4) ANOS** a contar dende o día seguinte ao da data de inicio da vixencia do título de ocupación do dominio público portuario se, a xuízo da Administración, non existe causa xustificada que o impida, e sempre que o titular non fora sancionado por infracción grave ou moi grave e se atopara ao corrente no cumprimento das obrigas derivadas do título de ocupación do dominio público portuario, previa solicitude expresa do titular.

A solicitude de prórroga deberá ser presentada como mínimo DOUS (2) MESES antes do vencemento do prazo. O outorgamento da prórroga é facultade discrecional da Administración. O outorgamento ou a denegación da prórroga é facultade discrecional da Administración por resolución motivada.

Rematado o prazo a autorización quedará extinguida, debendo o titular desta retirar do dominio público ocupado os materiais e instalacións que o ocupen no prazo máximo de QUINCE (15) DÍAS contados a partir do seguinte ao da extinción da autorización.

De non levarse a cabo a retirada no prazo sinalado ou a realización das obras pertinentes para deixar as instalacións en condicións axeitadas, Portos de Galicia procederá á execución subsidiaria, pasándolle os correspondentes gastos ao titular da autorización, independentemente das sancións que de acordo coa lexislación vixente en materia de portos se podan impoñer. No relativo ao deveción de taxas, se liquidarán ata a comprobación da retirada efectiva das instalacións ou o seu desaloxo.

3ª.- O outorgamento deste título de ocupación do dominio público portuario non exime ao seu titular da obtención e mantemento en vigor das licenzas, permisos e autorizacións que sexan legalmente esixibles.

Tampouco estará exento do pagamento dos impostos que lle sexan de aplicación. En particular, estará obrigado a facer fronte á repercusión da parte da cota líquida do





impuesto de bens inmoables (IBI) aplicable ao ben demanial ou patrimonial do que o titular da autorización faga uso con motivo do título de ocupación do dominio público portuario outorgado; segundo se establece no artigo 63. 2, segundo parágrafo, do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se regula o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.

4ª.- O titular virá obrigado a **CUMPRIR** as disposicións vixentes, ou que no sucesivo se diten, que afecten ao dominio público portuario concedido e ás obras e actividades que neste dominio público se desenvolven.

EXECUCIÓN DE INSTALACIÓNS/EQUIPAMENTOS DESMONTABLES

5ª.-No suposto de que se autorice a instalación/equipamentos desmontables indicárase nas condicións particulares as condicións nas que se autoriza o seu montaxe.

CONSERVACIÓN DAS INSTALACIÓNS

6ª.- O titular queda obrigado a conservar as obras, instalacións e terreos obxecto do título de ocupación do dominio público portuario en perfecto estado de conservación, utilización, limpeza, hixiene e ornato, realizando ao seu cargo as reparacións ordinarias e extraordinarias que sexan precisas, dentro do local autorizado.

Portos de Galicia poderá inspeccionar en todo momento o estado de conservación das obras e terreos concedidos, e sinalar as obras de reparación ou conservación que deban realizarse, quedando obrigado o titular a executalas ao seu cargo no prazo que se lle sinale, sendo o seu incumprimento causa de extinción do título e/ou sancionador.

TAXAS E GASTOS

7ª.- O titular aboará a Portos de Galicia as taxas seguintes:

- a) **TAXA POR OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO PORTUARIO**, conforme ao disposto para esta taxa no Anexo 5, taxa 02, da Lei 6/2003, de 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia e na Orde do 2 de novembro de 2011 pola que se aproban os criterios de cálculo do valor das obras e instalacións e do valor da súa depreciación e o valor dos terreos e augas da zona de servizo dos portos adscritos á Comunidade Autónoma de Galicia.





Esta taxa liquidarase **por semestres adiantados** a partir do día que entre en vigor o presente título segundo o disposto na condición xeral 2ª.

A base sobre a que se aplica o tipo de gravame establecido para ocupación terreos ou augas do porto, actualizarase polo índice que determine a lexislación vixente. A devandita actualización será efectiva a partir do día 1 de xaneiro seguinte. No será de aplicación esta actualización pola ocupación de obras e instalacións, os cales permanecerán constantes durante o período do título de ocupación do dominio público portuario.

Cota Anual da Taxa:

a) TAXA POR OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO PORTUARIO (TODP)

a.1) TODP por ocupación chan portuario

IDENTIFICACIÓN OCUPACIÓN	CLASE	TERRA
	SUBCLASE	EN SUPERFICIE
	DESCRICIÓN ADICIONAL	ÁMBITO DEPARTAMENTO
VALORACIÓN OCUPACIÓN	ZONA VALORACIÓN	IDH
	VALOR UNITARIO	39,66€/m²
GRAVAME POR ACTIVIDADE		5,0%
ÁREA DA OCUPACIÓN		22 m²
TAXA UNITARIA (SEN IVE)	TAXA A APLICAR	-
	SUBTOTAL	43,63 €

a.2) TODP por ocupación de obras e instalacións (departamento)

IDENTIFICACIÓN DA EDIFICACIÓN	CÓDIGO	12.31.EDF.003 - DEPARTAMENTO Nº 16
	NOME	
	DESCRICIÓN ADICIONAL/ ACTIVIDADE	
GRAVAME POR ACTIVIDADE		5,0%
SUPERFICIE CONSTRUÍDA	TOTAL	22 m²
	AUTORIZADA NO TÍTULO	22 m²
	SUBTOTAL	797,17€/ano

Resumo de Taxas por utilización privativa, ocupación, ou aproveitamento especial do dominio público portuario (TODP):

TODP SUPERFICIES	43,63 €
TODP DEPARTAMENTO	797,17 €
TODP TOTAL	840,80 €





b) TAXA POR DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES COMERCIAIS OU INDUSTRIAIS E DE SERVIZOS (ACIS).

A autorización de actividade entenderase incorporada no presente título de ocupación do dominio público portuario, e o titular aboará por este concepto a taxa anual correspondente conforme o disposto no Anexo 3, Taxas por servizos profesionais, alínea 99, Tarifas portuarias aplicables nos portos e instalacións competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, subalínea 03, tarifas portuarias polo exercicio de actividades comerciais, industriais ou de servizos, da Lei 6/2003, de 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras de Galicia.

A contía da taxa será a seguinte:

- c) **ALMACÉN ÚTILES DE PESCA:** Dado que o almacenaxe autorizado é para uso propio entenderase que non existe actividade económica vinculada ó almacenaxe. Polo que o importe aplicable ó período autorizado é 0 €.

No valor das taxas non está incluído o Imposto sobre o Valor Engadido, debendo aplicarse a dito valor os tipos impositivos vixentes en cada momento.

No suposto e non pagamento no período voluntario, Portos de Galicia utilizará para o seu cobro o procedemento administrativo de constrinximento, de conformidade co artigo 26 da Lei 6/2017, de portos de Galicia.

USO E EXPLOTACIÓN

8ª.- O título de ocupación do dominio público portuario destinarase **EXCLUSIVAMENTE ÁS SEGUINTE ACTIVIDADES AUTORIZADAS:**

ACTIVIDADES AUTORIZADAS NO TÍTULO DE OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO PORTUARIO
ALMACÉN DE ÚTILES DE PESCA PARA USOS PROPIO (SEN EXPLOTACIÓN ECONOMICA)

O titular, non poderá destinar os bens de dominio público concedidos, nin as obras neles executadas, a usos distintos dos expresados.

9ª.- O TITULAR XESTIONARÁ A ACTIVIDADE DO TÍTULO DE OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO PORTUARIO AO SEU RISCO E VENTURA. Portos de Galicia en ningún caso será responsable das obrigas contraídas polo titular nin dos danos e prexuízos causados por este a terceiros. O titular responderá dos danos e prexuízos, e asumirá cantas responsabilidades lle poidan corresponder fronte á Administración





ou terceiros afectados polo desenvolvemento das operacións obxecto desta actividade, e que sexan consecuencia das súas propias actuacións, tanto por acción como por omisión.

Todo o **PERSOAL NECESARIO PARA A EXPLOTACIÓN DO TÍTULO DE OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO PORTUARIO SERÁ POR CONTA E A CARGO DO TITULAR**, que deberá cumprir as obrigas que lle impón a lexislación vixente en materia laboral, de prevención de riscos laborais e de Seguridade Social.

De conformidade co artigo 91.7 da Lei 6/2017, de portos de Galicia, Portos de Galicia non asumirá ningún tipo de obriga laboral ou económica do titular do título de ocupación do dominio público portuario vinculada ou non á actividade obxecto do título extinguido, no seu caso.

10ª.- Este título outorga ao seu titular o uso exclusivo e excluínste de terceiros sobre o espazo portuario outorgado ao abeiro desta autorización demanial para a realización da actividade profesional obxecto desta, polo que deberá cumprir baixo a súa exclusiva responsabilidade, como titular do centro de traballo constituído sobre a zona outorgada en autorización demanial, todas as obrigas derivadas da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, desenvolta por el R.D. 171/2004, de 30 de xaneiro e demais normativa de desenvolvemento a coordinación de actividades empresariais no dito espazo obxecto da autorización outorgada.

11ª.- **Naqueles PORTOS AFECTADOS POLO CÓDIGO INTERNACIONAL PARA A PROTECCIÓN DOS BUQUES E INSTALACIÓNS PORTUARIAS (CÓDIGO PBIP) adoptado pola Conferencia Diplomática sobre Protección Marítima celebrada en Londres en decembro do 2002 e trasposto á normativa comunitaria polo regulamento CE nº 725/2004, observaranse igualmente as prescricións contidas nos respectivos plans de protección das instalacións portuarias, e as instrucións que en aplicación do mesmo sexan impartidas polos oficiais de protección das citadas instalacións.**

12ª.- **SERÁN A CARGO DO TITULAR OS GASTOS DE SUBMINISTROS DE ELECTRICIDADE E AUGA, regulados pola taxa E-3 segundo o disposto na lei 6/2003 de taxas, prezos e exaccións reguladoras da comunidade autónoma de Galicia. Nese caso, os CÓDIGOS DE CONTADORES DE PORTOS DE GALICIA que se empregarán son:**





ELECTRICIDADE - SUBMINISTRACIÓN POR PORTOS DE GALICIA ²			
	CONTADOR EXISTENTE	☒	A SUBMINISTRACIÓN SERÁ A TRAVÉS DE CONTADOR DE PORTOS DE GALICIA XA EXISTENTE
			CÓDIGO CONTADOR
			PROCEDENTE DO TÍTULO CLAVE
			010237410
			12.31.09.A.3
Observacións adicionais: -			
AUGA – SUBMINISTRACIÓN POR PORTOS DE GALICIA ³			
51	CONTADOR EXISTENTE	☐	A SUBMINISTRACIÓN SERÁ A TRAVÉS DE CONTADOR DE PORTOS DE GALICIA XA EXISTENTE
			CÓDIGO CONTADOR
			PROCEDENTE DO TÍTULO CLAVE
Observacións adicionais: -			

13ª.- **SERÁ MOTIVO DE CADUCIDADE DO TÍTULO DE OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO PORTUARIO**, o cese na actividade pesqueira que xustificou a ocupación, no seu caso, cambio de porto base o calquera outra tida en conta no momento da adxudicación.

14ª.- A instalación deberá contar en todo momento cos dispositivos específicos para a **RECOLLIDA DOS RESIDUOS DE TODO TIPO XERADOS POLO USO E EXPLOTACIÓN DO TÍTULO DE OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO PORTUARIO, SENDO RESPONSABLE O TITULAR** de dispoñer dos medios necesarios dentro do recinto das instalacións do título de ocupación do dominio público portuario para o seu depósito e separación, de xeito que se evite o vertido incontrolado de residuos perigosos ou contaminantes, así como a contaminación ambiental que poida derivarse dunha explotación non axeitada.

No se autoriza a manipulación de residuos perigosos dentro do local autorizado.

En canto a retirada e **TRATAMENTO DOS SUBPRODUTOS DA PESCA NON DESTINADOS A CONSUMO HUMANO (SANDACH)**, estarase ó disposto na normativa de aplicación, concretamente no Regulamento (CE) nº 1069/2009 do parlamento Europeo e do Consello de 21 de outubro de 2009 polo que se establecen as normas sanitarias aplicables ós subprodutos animais e os produtos derivados non destinados ó consumo humano e demais normativa de desenvolvemento, debendo a entidade titular

² O falseamento de información subministrada a Portos de Galicia supón unha infracción grave, segundo o Art. 132.f) da Lei 6/2017 de portos de Galicia. As infraccións graves sancionaranse con multas de ata 300.000€, segundo o Art. 137.1.b) da mesma Lei. A omisión ou aportación defectuosa de información subministrada a Portos de Galicia supón unha infracción leve, segundo o Art. 131.f) da Lei 6/2017 de portos de Galicia. As infraccións leves sancionaranse con multas de ata 60.000€, segundo o Art. 137.1.a) da mesma Lei.

³ O falseamento de información subministrada a Portos de Galicia supón unha infracción grave, segundo o Art. 132.f) da Lei 6/2017 de portos de Galicia. As infraccións graves sancionaranse con multas de ata 300.000€, segundo o Art. 137.1.b) da mesma Lei. A omisión ou aportación defectuosa de información subministrada a Portos de Galicia supón unha infracción leve, segundo o Art. 131.f) da Lei 6/2017 de portos de Galicia. As infraccións leves sancionaranse con multas de ata 60.000€, segundo o Art. 137.1.a) da mesma Lei.





colectar e almacenar estes residuos, ata a súa retirada á planta de tratamento, seguindo as directrices establecidas por Portos de Galicia

O titular do título de ocupación do dominio público portuario está obrigado a **CUMPRIR COA NORMATIVA MEDIOAMBIENTAL VIXENTE**, así como coas normas medioambientais dispostas por Portos de Galicia ou que se establezan no futuro como consecuencia da política de xestión medioambiental de Portos de Galicia. No caso de que as augas residuais, previamente tratadas, sexan vertidas ó mar deberá acadarse, por parte do titular, a correspondente autorización de punto de vertido.

O incumprimento das disposicións establecidas nesta condición, será causa de caducidade do título de ocupación do dominio público portuario.

15ª.- Durante a vixencia do título de ocupación do dominio público portuario o titular desta **NON PODERÁ REALIZAR NINGUNHA OBRA SEN A PREVIA AUTORIZACIÓN DE PORTOS DE GALICIA, SALVO AS PROPIAS DERIVADAS DO DEBER DE CONSERVACIÓN**. O incumprimento desta condición será **CAUSA DE CADUCIDADE DO TÍTULO DE OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO PORTUARIO**.

16ª.- Segundo o Art. 59.4, esta autorización de ocupación do dominio público portuario **OUTÓRGASE CON CARÁCTER PERSOAL E INTRANSFERIBLE** inter vivos, polo que segundo o Art. 90.1.g) da Lei 6/2017 de portos de Galicia, a **CESIÓN A UN TERCEIRO** do uso total da do título é causa inmediata de **CADUCIDADE** da mesma, polo que o único responsable e explotador do título de ocupación do dominio público portuario é o titular do mesmo.

Portos de Galicia poderá exixir ó titular a **CONTRATACIÓN DUNHA PÓLIZA DE SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL** para a cobertura de riscos que garantan as responsabilidades de todo tipo que poidan derivar do exercicio da actividade autorizada. Será por conta do titular o custo deste seguro, debendo xustificar cando se lle requira que se atopa ao corrente no pago das primas.

No caso de que se exixa a dita póliza, a contía mínima da póliza será fixada nas condicións particulares.

EXTINCIÓN DO TÍTULO DE OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO PORTUARIO

17ª.- **O TÍTULO DE OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO PORTUARIO EXTINGUIRASE POLAS SEGUINTE CAUSAS:**





- a) **Vencemento do prazo** de outorgamento
- b) **Revisión de oficio**, nos supostos establecidos na lexislación reguladora do procedemento administrativo común
- c) A concorrencia sobrevida na persoa titular dalgunha das **prohibicións de contratar** previstas na lexislación básica sobre contratación do **sector público**
- d) **Renuncia do titular**, que so poderá ser aceptada por Portos de Galicia cando non cause prexuízo ao dominio público portuario, á axeitada prestación dos servizos públicos portuarios ou a terceiros
- e) **Mutuo acordo** entre Portos de Galicia e a persoa titular do título de ocupación do dominio público portuario
- f) **Disolución ou extinción da sociedade titular**, agás nos supostos de fusión ou escisión. No suposto de que o titular incorra en situación legal de concurso de acredores, virá obrigado a efectuar o depósito previo do importe dos servizos que a partir dese instante solicite a Portos de Galicia. En caso contrario, denegaráselle a prestación daqueles servizos.
- g) **Revogación**
- h) **Caducidade** segundo as causas indicadas no artigo 90 da Lei 6/2017 de portos de Galicia
- i) **Extinción da autorización, do permiso ou da licenza** da que o título demanial sexa soporte
- j) A **desafectación do ben**
- k) **Falecemento da persoa titular**, nos supostos previstos no artigo 77, ou a incapacidade sobrevida cando se trate dun titular individual

18ª.- No caso de que os **TERREOS** de dominio público outorgados en autorización fosen **NECESARIOS**, total ou parcialmente, para a execución de **OBRAS PORTUARIAS OU PARA O CUMPRIMENTO DE ESIXENCIAS DOS SERVIZOS PÚBLICOS E/OU PORTUARIOS**, e, para realizar aquelas ou atender estes, fora preciso utilizar ou destruír as instalacións ocupadas pola presente autorización, **PORTOS DE GALICIA PODERÁ ORDENAR A RETIRADA** dos bens do titular depositados no departamento autorizado, sen que o interesado teña dereito a indemnización algunha. Neste caso, o usuario deberá desalojar o dominio público ocupado no prazo máximo **DUN (1) MES** contado dende o día seguinte ao da notificación da orde de desaloxo.

19ª.- Serán **CAUSA DE CADUCIDADE DO TÍTULO DE OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO PORTUARIO OS SEGUINTE INCUMPRIMENTOS:**





- a) **O non pagamento de calquera das taxas xiradas por Portos de Galicia durante un prazo de seis (6) meses.** Para iniciar o expediente de caducidade será dabondo que non se tivera efectuado o ingreso en período voluntario. Unha vez iniciado, poderase acordar o seu arquivo, ata un máximo de tres para a toda vixencia do título, si antes de ditar resolución se produce o aboamento integro da débeda, incluídos xuros e cargas derivadas do procedemento de constrinximento, e se constitúe a garantía que ao respecto fixe Portos de Galicia.
- b) **Falta de actividade ou de prestación do servizo, durante un período de un seis (6) meses,** a non ser que, a xuízo de Portos de Galicia, obedeza a causa xustificada. Portos de Galicia poderá establecer un prazo inferior nas condicións particulares.
- c) **Ocupación do dominio público non autorizado.**
- d) **A execución de calquera obra** no ámbito da autorización, agás que polas súas características foran autorizadas.
- e) Desenvolvemento de **actividades que non figuren no obxecto** do título.
- f) **A cesións a un terceiro do uso total ou parcial da autorización**
- g) **A transmisión da autorización a un terceiro**
- h) **Incumprimento doutras condicións** nas que a inobservancia estea expresamente prevista como causa de caducidade no título de outorgamento ou das determinantes para a adxudicación, se é o caso, do concurso convocado para o seu outorgamento.

Nos casos de infracción grave o moi grave conforme á lexislación aplicable, Portos de Galicia, previa audiencia do titular, poderá declarar a caducidade do título de ocupación do dominio público portuario administrativa.

O expediente de caducidade do título de ocupación do dominio público portuario tramitarase con arranxo ao preceptuado nas disposicións vixentes sobre a materia.

20ª.- Cando por extinción do título de ocupación do dominio público portuario, se produza a **EXTINCIÓN, QUEDARÁN EXTINGUIDOS AUTOMATICAMENTE OS DEREITOS REAIS OU PERSOAIS QUE PUIDERAN OSTENTAR TERCEIRAS PERSOAS SOBRE O DOMINIO PÚBLICO PORTUARIO** outorgado e as obras e instalacións obxecto da





PORTOS
DE
GALICIA

extinción. Tampouco asumirá Portos de Galicia os contratos de traballo que puidera ter concertado o titular para o exercicio da súa actividade empresarial, sen que, polo tanto, poida en forma algunha entenderse que a reversión implica a sucesión de empresa prevista no artigo 44 do texto refundido de Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, nin que Portos de Galicia sexa o empresario principal da actividade realizada polo titular, aos efectos do artigo 42 do dito texto refundido.

As normas sinaladas no parágrafo anterior serán igualmente aplicables a todos os supostos de extinción.

SANCIÓNS

21ª.- O incumprimento das condicións do título de ocupación do dominio público portuario, sen prexuízo da súa caducidade, poderá ser constitutiva de infracción e ser sancionada de conformidade coa lexislación vixente na materia.

O titular da presente autorización poderá ser sancionado, no seu caso, polas infraccións que se establecen na Lei 6/2017, de 12 de decembro, de Portos de Galicia, con independencia doutras responsabilidades que, no seu caso, sexan esixibles.

As infraccións serán sancionadas previa instrución do oportuno expediente administrativo na forma establecida na lexislación reguladora do procedemento administrativo.

